

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

20061 Orde ARM/3369/2010, do 27 de decembro, pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de millo.

Por esta orde incorpórase ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2009/74/CE da Comisión, do 26 de xuño, pola que se modifican as directivas 66/401/CEE, 66/402/CEE, 2002/55/CE e 2002/57/CE do Consello, no que respecta aos nomes botánicos das plantas e aos nomes científicos doutros organismos, e en determinados anexos das directivas 66/401/CEE, 66/402/CEE, 2002/57/CE, á luz da evolución do coñecemento científico e técnico.

Estas directivas e as súas sucesivas modificacións xa foron incorporadas ao ordenamento xurídico interno, mediante o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, aprobado pola Orde do 23 de maio de 1986, e as modificacións posteriores, e, no que respecta ás sementes de millo, polo Regulamento técnico de control e certificación de sementes de millo, aprobado pola Orde do 1 de xullo de 1986, obxecto de sucesivas modificacións.

Dado que estes regulamentos técnicos sufriron importantes modificacións ao longo destes anos e que a Directiva 2009/74/CE introduce, igualmente, amplas modificacións nos anexos, considerouse máis adecuado aprobar un novo regulamento técnico de control e certificación de sementes de millo.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de millo.*

Apróbase o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de millo co contido que figura no anexo desta disposición.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde do 1 de xullo de 1986 pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de millo.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva 2009/74/CE da Comisión, do 26 de xuño de 2009, pola que se modifican as directivas 66/401/CEE, 66/402/CEE, 2002/55/CE e 2002/57/CE do Consello no que respecta aos nomes botánicos das plantas e aos nomes científicos doutros organismos, e determinados anexos das directivas 66/401/CEE, 66/402/CEE, 2002/57/CE, á luz da evolución do coñecemento científico e técnico.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, salvo a regulación relativa ás sementes importadas, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.10.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 27 de decembro de 2010.—A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, Rosa Aguilar Rivero.

ANEXO

Reglamento técnico de control e certificación de sementes de millo

Especies suxeitas ao regulamento técnico

Quedan incluídas no ámbito de aplicación deste regulamento técnico as sementes de millo da especie *Zea mays* L., tanto se o seu fin é a produción de gra como se o destino é forraxeiro, exceptuando o millo doce e o millo para flocos de estourar.

Só pode ser denominada «semente» de millo a que procede de cultivos controlados polos servizos oficiais de control e que foi obtida segundo as disposicións contidas neste regulamento, así como na Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos, no Decreto 3767/1972, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral sobre produción de sementes e plantas de viveiro e as modificacións posteriores, e na Orde do 23 de maio de 1986, pola que se aproba o Regulamento xeral de control e certificación de sementes e plantas de viveiro e as modificacións posteriores.

Tamén poderá recibir a denominación de «semente» a importada que cumpra os correspondentes requisitos legais.

Categorías de sementes

a) Admítense as seguintes categorías de sementes:

Material parental.
Semente de base.
Semente certificada.

Tanto para variedades obtidas por fecundación libre como por fecundación controlada.

b) Enténdese por material parental, no caso de variedades de obtentor de fecundación libre, a unidade inicial utilizada polo propio obtentor, polo seu habente causa ou pola persoa ou organización responsable da produción ou da conservación das características do cultivar, e no caso de variedades de obtentor non coñecido de fecundación libre, pola persoa ou organización responsable da produción ou da conservación, baixo a inspección dos servizos oficiais de control, seguindo técnicas adecuadas debidamente aprobadas e de acordo coas condicións que se prescriben neste regulamento. Na produción de híbridos por fecundación controlada, enténdese por material parental as liñas puras que se destinen á produción de híbridos simples fundacionais, entendéndose por:

Liña pura: unha liña suficientemente homoxénea e estable obtida como resultado de varias xeracións autofecundadas con adecuada selección.

c) Enténdese por semente de base:

1. No caso de variedades de fecundación libre, a que procede do material parental mediante un proceso controlado de multiplicación e cuxo fin é a produción de semente certificada.

2. Unha liña pura, cando esta se utilice para a obtención dun híbrido simple ou directamente para a obtención dun híbrido de tres liñas ou dun «top-cross».

3. Un híbrido simple fundacional, considerándose como tal a primeira xeración dun cruzamento entre dúas liñas puras e que teña como destino ser usado para a produción dos híbridos que se definen no punto II.d).

d) Enténdese por semente certificada, no caso de híbridos, a que procede directamente da semente de base, e poderá ser:

1. Híbrido simple, considerándose como tal a primeira xeración dun cruzamento entre dúas liñas puras.

2. Híbrido de tres liñas, considerándose como tal a primeira xeración dun cruzamento entre un híbrido simple fundacional e unha liña pura.

3. Híbrido dobre, considerándose como tal a primeira xeración dun cruzamento entre dous híbridos simples fundacionais.

4. «Top-cross», considerándose como tal a primeira xeración dun cruzamento entre unha liña pura ou un híbrido simple fundacional e unha variedade de polinización libre suficientemente homoxénea.

5. Híbrido intervarietal, considerándose como tal a primeira xeración dun cruzamento entre dúas variedades de polinización libre.

Para todos os efectos, denominaranse plantas femias ou parentais femininos todas aquelas en que se vaia producir a gra para semente, e plantas machos ou parentais masculinos as que producen o pole necesario para efectuar o cruzamento.

Variedades comerciais admisibles á certificación

Nas especies para as cales se tiver establecido unha lista española de variedades comerciais ou un catálogo común de variedades da Unión Europea, só se poderá producir para presentarse á certificación oficial e comercializarse semente de variedades incluídas neles, con excepción daquela que se destine exclusivamente á exportación.

Producción de semente

a) Requisitos dos procesos de produción: salvo nas parcelas de multiplicación de liñas puras por fecundación á man, os campos de produción de sementes deben cumprir os requisitos que figuran no anexo 1, coas seguintes condicións:

1. Tamaño mínimo das parcelas.—Produción de material parental e semente de base: poderán ter calquera tamaño, sempre que o número de plantas en condicións de emitir pole non sexa inferior a 600.

Os cultivos previos do campo de produción non foron incompatibles coa produción de sementes de millo e o campo de produción estará suficientemente libre de plantas crecidas espontaneamente derivadas de cultivos anteriores.

2. Illamento.—As parcelas de produción de semente deben estar situadas a unha distancia de calquera outra sementeira de millo non inferior ás que figuran no citado anexo.

Caso de existiren outros campos da mesma especie a distancia inferior á admitida, poderase corrixir o illamento coa completa destrución, pero non coa corta do cenceno, do campo contaminador antes de que as súas plantas emitan pole. Exceptúase o caso de que se trate de campos sementados con plantas polinizadoras idénticas.

Poderase autorizar que a distancia mínima exixida sexa inferior á sinalada, no caso de existiren barreiras de obstáculos naturais que dificulten o traslado do pole. No caso de que o millo contaminante teña a mesma cor e tipo de gran que os parentais, as barreiras poderán estar constituídas por liñas de parentais masculinos, seguindo as especificacións que se establecen no anexo 2.

Tamén se poderán autorizar distancias de illamento menores cando o servizo oficial de control aprecie que a diferenza de datas de sementeira entre o campo contaminador e o de produción, unida a outros factores, permita asegurar un desfase nas datas de floración de ambos os campos non inferior a corenta días.

3. Plantas fóra de tipo.—A proporción máxima admisible de plantas fóra de tipo considerarase sempre que emisen pole e que máis do 5 por 100 dos parentais femininos estean en condicións de seren fecundados.

Os controis de parentais femininos efectuaranse na última inspección, coa colleita en pé.

Considerarase que as plantas emitiron ou están a emitir pole cando, sobre unha lonxitude de 50 mm ou máis do eixe principal dunha panícula ou das súas ramificacións, as anteras xurdiron das glumas e emitiron ou están a emitir pole. Os fillos con inflorescencia masculina en plantas netamente fóra de tipo contarase independentemente.

Para a determinación das distintas proporcións relativas a requisitos en campo, efectuaranse contaxes ao chou seguindo métodos adecuados para isto.

4. Corta do cenceno.—Todo campo que nunha inspección presente máis do 1 por 100 de parentais femininos emitindo pole fértil ou que en tres inspeccións sume un número total de máis do 2 por 100 destas plantas non pode ser admitido para a produción de semente.

Tanto neste número como nos seguintes en que se cite unha porcentaxe máxima de parentais femininos que emitan pole fértil será aplicable esa exixencia sempre que os parentais femininos da parcela teñan os pistilos receptivos fóra das espadas, polo menos no 5 por 100 das plantas. Ao efectuar a contaxe dos parentais femininos con cenceno teranse en conta tamén os fillos que teñan cenceno ou as porcións de cenceno que en total teñan máis de 5 centímetros da cana central ou da cana central máis ramas coas anteras fóra das glumas.

5. Colleita.—Nas parcelas de produción de semente híbrida é obrigatorio realizar illadamente a colleita de cada parental, comezando polo parental masculino, salvo casos especiais que, por solicitude do produtor, sexan autorizados expresamente polos servizos oficiais de control.

b) Requisitos específicos para o material parental e semente de base:

1. Requisitos específicos para a produción de liñas puras.—A multiplicación de liñas puras pódese realizar por fecundación á man ou en campo de polinización libre. Neste segundo caso o número de plantas en condicións de emitir pole non pode ser inferior a 12.000 por hectárea, e, calquera que for o tamaño da parcela, non pode ser inferior a 600.

A colleita de liñas puras non pode conter máis do 1 por 1.000 de espigas fóra de tipo ou máis do 2 por 1.000 de espigas con grans fóra de tipo, no que se refire a cor, textura ou outras características. Estas últimas espigas poderanse aceptar, sen incluírse na contaxe, sempre que as sementes fóra de tipo fosen separadas.

2. Requisitos específicos para a produción de híbridos simples fundacionais. —Na produción de híbridos simples fundacionais, unha liña fértil e a correspondente androestéril pódense substituír se teñen as mesmas características morfolóxicas e fisiolóxicas nos restantes caracteres.

Nos campos de produción de híbridos simples fundacionais, a proporción de regos de parentais femininos a regos de parentais masculinos non pode ser superior á de tres a un, salvo casos debidamente xustificadas e autorizados, e a poboación mínima de parentais masculinos debe ser, polo menos, de 6.000 por hectárea, sen se incluíren nesta contaxe as que non emitan pole. Con independencia do anterior e calquera que for o tamaño das parcelas, o número de parentais masculinos non poderá ser nunca inferior a 800.

Non se certificará a semente procedente de campos de millo en que, estando receptivos os pistilos das plantas femias, a dehiscencia das anteras das plantas machos non coincida durante un número suficiente de días.

As sementes de híbridos simples fundacionais precintaranse, en todo caso, aínda cando vaian ser utilizadas polo mesmo que as produciu sen seren obxecto dunha transacción comercial.

3. Inspeccións que se deben realizar.—Realizaranse inspeccións oficiais nos campos de produción de material parental e semente de base durante o período de floración. O número mínimo de inspeccións será de:

- aa) variedades de polinización libre: 1.
- bb) liñas consanguíneas ou híbridos: 3.

No caso de que o cultivo precedente fose de millo, efectuarase unha inspección máis para comprobar que non existen plantas desta especie do cultivo anterior.

- c) Requisitos específicos para a semente certificada:

1. Variedades nunha leira.—Nunha mesma leira de agricultor-colaborador só se poderá cultivar para obter semente un número limitado de variedades, de cada especie, previamente autorizado. Este número depende do tamaño da leira e dos medios de se que dispoña.

2. Requisitos específicos para a produción de híbridos comerciais. —Todo campo de produción de híbridos debe ter polo menos sete mil parentais masculinos por hectárea en condicións de emitir pole, salvo autorización expresa dos servizos oficiais de control.

Non se certificará a semente procedente dos campos de millo en que, estando receptivos os pistilos das plantas femias, a dehiscencia das anteras machos non coincida durante un número suficiente de días.

Se a colleita se efectuar á man ou con colleitadora de espigas, antes de se proceder á debulla débese efectuar unha escolma para separar as espigas fóra de tipo. Se se efectuar a colleita con colleitadora debulladora, débese comprobar por mostraxes previas que non existen espigas fóra de tipo.

3. Requisitos específicos para a utilización de parentais femininos androestériles.—No caso de se utilizaren parentais femininos androestériles e parentais masculinos non restauradores, a semente obtida débese mesturar, no campo ou no almacén, con outra obtida utilizando parentais fértiles. A proporción da primeira á segunda non pode ser superior a dúas.

Cando o cultivo estea composto por parentais femininos androestériles e parentais femininos androfértiles, non menos da terceira parte das plantas obtidas con sementeiras destas sementes deben producir pole en cantidade e fertilidade normal. As proporcións entre estes dous parentais controlárase por medio de inspeccións de campo.

4. Inspeccións que se deben realizar.—Realizaranse inspeccións oficiais nos campos de produción de semente certificada durante o período de floración. O número mínimo de inspeccións será de tres, para híbridos, e de unha, para variedades de polinización libre.

No caso de que o cultivo precedente fose de millo, efectuarase unha inspección máis para comprobar que non existen plantas desta especie do cultivo anterior.

O persoal das entidades produtoras efectuará, polo menos, as inspeccións necesarias para manter as parcelas debidamente depuradas.

- d) Requisitos das sementes: as sementes das distintas categorías deben cumprir os requisitos que figuran no anexo 3.

- e) Comunicacions dos produtores:

1. Declaración de cultivos.—Na declaración de cultivos e no caso de que se vaian utilizar parentais androestériles, indicárase isto claramente e especificárase para que híbrido e en que leira e parcela se van producir, así como se se utilizan parentais restauradores ou non.

A declaración de cultivos ten que estar en poder dos servizos oficiais de control, nun prazo máximo de vinte días, despois de se efectuar a sementeira das parcelas. Calquera modificación da declaración de cultivos comunicárase dentro do prazo de oito días despois de se ter producido.

2. Comunicacions durante o ciclo de produción e preparación da semente.—Coa debida anticipación, comunicárase aos servizos oficiais de control:

Floración masculina, no prazo máximo de tres días despois de se iniciar.

Data en que quedará recolectado o parental masculino.

Situación dos almacéns e de semente para recoller en cada un deles.
Iniciación das operacións de escolma e preparación das sementes.

3. Comunicacions relativas á comercialización.—As vendas por variedades e provincias, así como os remanentes de sementes procedentes da última campaña, comunicaranse ao Instituto Nacional de Sementes e Plantas de Viveiro, no sucesivo, Instituto, antes do 15 de outubro de cada ano.

Considérase que a campaña de comercialización do millo abrangue desde o 1 de xullo ao 30 de xuño do ano seguinte.

f) Para as sementes de millo será de aplicación o disposto nos números 26a, 26b e 26c do Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, referentes a sementes non certificadas definitivamente, e soamente nos casos en que procedan da multiplicación de sementes de categorías prebase e base.

Requisitos dos lotes de sementes

1. Lotes de semente.—O tamaño máximo dos lotes de sementes serán os indicados no anexo 4.

2. Envases.—Os envases en que se vaia comercializar a semente poderán ter calquera capacidade comprendida entre dous e cincuenta quilos. Exceptuaranse da limitación superior de peso os contedores ou outros recipientes que se admitan internacionalmente para o transporte de semente.

Tamén se poderán comercializar estas sementes por número de grans en vez de peso, expresando claramente aquel nos envases que as conteñan.

Non existe limitación canto ao material de que estean fabricados os envases, sempre que reúnan as suficientes condicións de seguranza e sexan aptos para a conservación da semente.

Probas de precontrol e poscontrol

Todo produtor debe sementar en campos de precontrol unha parcela coas mostras de cada un dos lotes que certificase de semente de base. Así mesmo, realizará probas de poscontrol, sementando como mínimo as mostras correspondentes a un 20 por 100 dos lotes de semente certificada, escollidas ao chou.

O tamaño das parcelas correspondentes a cada mostra non debe ser inferior a 15 metros cadrados para a semente certificada e 25 metros cadrados para a de base.

Produtores de sementes

a) Categorias de produtores: admítense as categorías de

Produtores-obtentores.

Produtores-seleccionadores.

b) Capacidade das instalacións: a capacidade das instalacións para ser produtor-seleccionador debe ser tal que, como mínimo, permita a manipulación dunha produción anual de 1.000 toneladas métricas.

c) Clases de instalacións: dentro das instalacións mínimas, ademais das xerais, deben figurar as de seca e debulla.

Os servizos oficiais competentes decidirán se as características das instalacións anteriormente enumeradas son as adecuadas en cada caso e todas elas deben ter a capacidade necesaria relacionada cos mínimos de selección do número anterior.

d) Campos en cultivo directo: dispor de campos en cultivo directo para obter o material parental e as liñas puras e para establecer campos de precontrol e de poscontrol, en superficie adecuada aos seus plans de produción.

Comercialización

a) Etiquetas: nas etiquetas oficiais e nas do produtor ou impresos equivalentes deben figurar, como mínimo, os datos que exige o Regulamento xeral de control e certificación, e nas do produtor deberán figurar, ademais, a clase de híbrido e, cando a semente fose obtida utilizando parentais femininos androestériles e parentais masculinos restauradores, a especificación: «Androestériles con restaurador».

Unicamente se permitirá o uso da palabra «híbrido», só ou en palabras compostas e en referencia á semente de millo, nas etiquetas, envases e propaganda, cando as sementes se axusten ás definicións dadas no punto II, d) deste regulamento.

b) Subdivisión en envases pequenos: os produtores non poderán fraccionar os envases orixinais noutros máis pequenos se estes non son precintados polos servizos oficiais de control.

c) Sementes de campañas anteriores: para poder comercializar sementes de campañas anteriores é requisito previo a realización de novas análises en data posterior ao 1 de outubro, así como que os servizos oficiais de control realicen unha reprecintaxe coa correspondente toma de mostras.

ANEXO 1

Requisitos dos procesos de produción

Clase de semente que se vai producir	Tamaño de parcelas (mínimo) – Hectáreas	Pllantamento (mínimo) – Metros	Plantas fóra de tipo non conformes coa variedade (máximo)		Parentais femininos emitindo pole (máximo)	Espigas fóra de tipo e con grans fóra de tipo (máximo)
			Parentais femininos despois das depuracións	Parentais masculinos que emitisen pole		
Liñas puras.	–	300	1 por 1.000 fóra de tipo.		–	1 por 1.000 fóra de tipo.
Sementes de base:						2 por 1.000 con grans fóra de tipo.
a) Compoñente do híbrido simple e liñas consanguíneas.	–	300	1 por 1.000 fóra de tipo.		–	1 por 1.000 fóra de tipo.
b) Variedades de polinización libre.	–	300	5 por 1.000 fóra de tipo.		–	1 por 1.000 fóra de tipo.
c) Híbridos simples fundacionais.	–	300	1 por 1.000 fóra de tipo.	1 por 1.000 fóra de tipo.	1 por 100 nunha inspección ou sume máis do 2 por 100 en t r e s inspeccións.	1 por 1.000 fóra de tipo. 2 por 1.000 con grans fóra de tipo.
Semente certificada en variedades híbridas. Compoñentes da variedade:						
a) Liña pura ou híbrido simple.	5	220	2 por 1.000 fóra de tipo.	2 por 1.000 fóra de tipo.	1 por 100 nunha inspección ou sume máis do 2 por 100 no conxunto de inspeccións.	–
b) Variedades de fecundación libre.	5	220	10 por 1.000 fóra de tipo.		–	–
Semente certificada en variedades de fecundación libre.	5	220	10 por 1.000 fóra de tipo.		–	–

Observacións:

1.^a Tamaño mínimo das parcelas: non existirá limitación nas parcelas de produción de semente de variedades de recente introdución sempre que para cada unha non se sementen máis de dúas parcelas diferentes nunha mesma comarca.

2.^a Illamento: os illamentos poderán ser menores nos casos previstos no punto IV, a), 2.º, de acordo coas especificacións do anexo número 2.

3.^a Plantas fóra de tipo: non se terán en conta as variacións típicas da variedade comercial e das xeracións anteriores.

4.^a Parentais femininos emitindo pole: a exigencia do tanto por cento máximo de parentais femininos emitindo pole considerarase só cando os parentais femininos da parcela teñan os pistilos receptivos fóra das espatas, polo menos, nun 5 por 100 de plantas.

5.^a No caso dun cultivo dunha liña pura, este terá suficiente identidade e pureza no que concirne ás súas características. Para a produción de semente de variedades híbridas, os requisitos mencionados aplicaranse ás características dos compoñentes, incluída a esterilidade masculina ou a restauración da fertilidade.

6.^a O cumprimento das normas antes citadas ou doutras normas comprobarase mediante inspeccións oficiais de campo no caso das sementes de base e, no caso de sementes certificadas, mediante inspeccións oficiais de campo ou inspeccións levadas a cabo baixo supervisión oficial.

ANEXO 2

Liñas de parental masculino necesarias para asegurar o illamento

Superficie en hectáreas (S) do campo para produción de semente							Número mínimo de liñas parentais masculinas rodeando o campo
5 < S TM 7	7 < S TM 9	9 < S TM 11	11 < S TM 13	13 < S TM 15	15 < S TM 17	17 < S	
Distancia (en metros) entre o campo para produción de sementes e outro campo de millo							
215	210	205	200	195	190	185	1
200	195	190	185	180	175	170	2
190	185	180	175	170	165	160	3
175	170	165	160	155	150	145	4
165	160	155	150	145	140	135	5
150	145	140	135	130	125	120	6
140	135	130	125	120	115	110	7
125	120	115	110	105	100	95	8
115	110	105	100	95	90	85	9
100	95	90	85	80	75	70	10
90	85	80	75	70	65	60	11
75	70	65	60	–	–	–	12
65	60	–	–	–	–	–	13

Observación. O anterior cadro refírese a campos para produción de semente certificada. En campos para produción de semente de base as distancias en metros multiplicaranse polo coeficiente 1,3.

ANEXO 3

Requisitos das sementes

Clase de semente	Pureza específica (mínimo)	Materia inerte (máximo)	Sementes doutras especies cultivadas (máximo)	Sementes de malas herbas (máximo)	Xerminación (mínimo)	Humidade (máximo)
	– Porcentaxe	– Porcentaxe			– Porcentaxe	– Porcentaxe
Híbrido simple fundacional	98	2	0	0	–	–
Semente de base de variedades de fecundación libre	98	2	0	0	–	–
Semente certificada de variedades híbridas	98	2	0	0	90	14
Semente certificada en variedades de fecundación libre	98	2	0	0	90	14

Observacións:

Primeira.–A presenza dunha semente doutras especies cultivadas ou de malas herbas non se considerará como impureza se unha segunda mostra de igual peso está exenta.

No caso de semente dunha liña pura, a semente terá suficiente identidade e pureza no que concirne ás súas características. No caso das sementes de variedades híbridas, as disposicións mencionadas anteriormente tamén se aplicarán ás características dos compoñentes.

ANEXO 4

Peso dos lotes e das mostras

Categoría de semente	Peso máximo do lote – Quilogramos	Peso mínimo da mostra que se toma dun lote – Gramos	Peso da mostra para efectuar as contaxes de semente do anexo 1 – Gramos
Liña pura como semente de base	40.000	250	250
Semente de base distinta de liña pura e semente certificada	40.000	1.000	1.000

No peso máximo dos lotes admítese unha tolerancia de ata o 5 por 100.

Observacións:

Os lotes de sementes de base estarán constituídos por sementes procedentes dun só campo.

Os lotes de semente certificada poden proceder dunha ou varias parcelas da mesma zona.